



# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

## Expediente nº 505/2022

**Procedemento:** Selección de persoal laboral temporal – 1 Técnico de Información Turística

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. Carlos Iglesias Cores, Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra), adoptou a seguinte Resolución.

Vistas as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial de Pontevedra (Plan Concellos) 2022.

Vista a concesión de subvención a este Concello, dentro da liña 3, para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de 1 traballador con destino á Oficina de Información Turística, por un período de seis meses.

Vista a relación de traballadores convocados a través do Servizo de Emprego da Xunta de Galicia.

Vistas as Bases reguladoras do proceso selectivo, aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2022-0112, de 10 de marzo.

Visto que de acordo ca Base 5ª,

.....”*Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e de documentación xustificativa de méritos a Presidencia ditará resolución, que se deberá publicar no taboleiro de anuncios do Concello, publicando a lista provisional de admitidos e excluídos e indicando a designación nominal do Tribunal Cualificador e a data para a avaliación dos méritos do concurso, sinalando un prazo dun día hábil para emendar o defecto que motivase a súa exclusión ou omisión.*

*No caso de se producir reclamacións deberase dictar nova resolución estimándoas ou desestimándoas ca publicación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos do Concello.*

*Os aspirantes que no prazo sinalado non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión serán definitivamente excluídos da participación das probas.*

*De non presentarse reclamación ningunha, ou se a documentación presentada por todos os aspirantes cumpre cos requisitos establecidos nas bases, a lista provisional elevarase a definitiva de forma automática.....”*

Vista a existencia de erro no Decreto de Alcaldía nº 2022.0120, de 18 de marzo.

Por medio da presente

RESOLVO

1.- Aprobar a corrección de erros do Decreto de Alcaldía nº 2022.0120, de 18 de marzo, aprobando a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de 1 traballador con destino á Oficina de Información Turística, por un período de seis meses.

A) Aspirantes provisionalmente admitidos:





# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

Apelidos e nome	DNI
MILLÁN DIESTE, ANA	***6611**
RIVAS RODRÍGUEZ, VANESA	***7957**

B) Aspirantes provisionalmente excluídos:

-----

2.- Aprobar a designación do Tribunal cualificador para a selección, cos seguintes membros:

Presidente:

- Dna. Pastora Parada Portas.

Vocais:

- Dna. Eva Piñón Montero.
- D. José Ramón García Guinarte.
- Dna. Tania Vázquez Bouzas.

Secretario:

- D. Daniel Angel Lamas Bello.

3.- Convocar ó Tribunal para o vindeiro **XOVES 24 DE MARZO DE 2022** ás 10,00 horas na Casa do Concello.

4.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de A Illa de Arousa e, de forma complementaria, na páxina web do Concello de A Illa de Arousa (<http://www.ailladearousa.es/taboleiro-de-anuncios/>).

Na Illa de Arousa.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo. Carlos Iglesias Cores

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

